

Informe
PROXECTO DE ADECUACIÓN
DO LEITO E ORDENACIÓN
DAS MARXES DOS RÍOS
SARRIA E CELEIRO NO TERMO
MUNICIPAL DE SARRIA
(1ª FASE)



Consello da Cultura Galega, 2014
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro
15705 · Santiago de Compostela
T 981 957 202 · F 981 957 205
www.consellodacultura.org

A Comisión Executiva do Consello da Cultura Galega, na sesión realizada o 20 de maio de 2014, acordou remitirlles aos coordinadores da Sección de Patrimonio e Bens Culturais e da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade o escrito enviado pola Plataforma Sarriana polo Río, que tivo entrada no Rexistro do CCG con data 14 de maio de 2014, con relación ás obras de adecuación do leito e ordenación das marxes dos ríos Sarria e Celeiro no termo municipal de Sarria.

Recibido o informe dos coordinadores da Sección de Patrimonio e Bens Culturais e de Ciencia, Natureza e Sociedade, a Comisión Executiva do CCG, na sesión do 24 de setembro de 2014, acordou remitir o dito informe ás diferentes institucións e entidades relacionadas co Proxecto de adecuación do leito e ordenación das marxes dos ríos Sarria e Celeiro en Sarria.

Á vista do escrito remitido pola Plataforma Sarriana polo Río, do 12 de maio de 2014, e consultadas diferentes fontes de información¹ relativas ao problema, emitimos o seguinte INFORME:

1. O problema da afección do patrimonio natural e construído polas actuacións previstas sobre o río Sarria e as súas marxes pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) acadou unha repercusión social moi importante, diante da que os organismos máis directamente implicados non poden mostrarse alleos (Concello de Sarria, CHMS e Xunta de Galicia).

2. Consideramos que o CCG, aínda sen estar directamente implicado nesta problemática, como alto organismo asesor que é da Autonomía galega e como consecuencia do requirimento da Plataforma Sarriana polo Río de solicitar o seu pronunciamento sobre este particular, está lexitimado para intervir neste desacordo mediante a elaboración do presente informe.

3. Como primeiro criterio de carácter xeral que ter en conta, consideramos que as afeccións patrimoniais-culturais non se deben valorar sen ter presente, previamente, a orixe do problema: as singularidades do Ben Cultural que vai soportar a procura de solucións ás enchentes periódicas que afectan o val de Sarria (a última importante foi a do ano 2000). Non tería sentido un exercicio exclusivo de valoración das afeccións

¹ Entre outros: Plan de Encauzamiento del río Sarria y Celeiro a su paso por la localidad de Sarria - Lugo, 2007; Informe de viabilidad del Proyecto de Adecuación del Cauce y ordenación de márgenes de los ríos Sarria y Celeiro - 1ª Fase, 2013; Memoria de la prospección arqueológica realizada para evaluar el impacto arqueológico del encauzamiento de los ríos Sarria y Celeiro, 2010; Escrito de profesores da Escola Politécnica de Lugo, 2014; Informe da Escola Galega da Paisaxe, 2014; Resolución da Consellería de Cultura do 12.04.2013.

patrimoniais-culturais sen considerar as diferentes alternativas técnico-económicas que se barallan, segundo diferentes horizontes de garantía (períodos de retorno de 100 ou 500 anos), segundo diferentes intervencións hidráulicas (encoro de regulamento, motas para conter a enchente de 1/100 anos, intervencións integrais na cunca, intervencións parciais no treito), así como as consideracións de reducións orzamentarias que levaron ao proxecto de intervención definitiva.

4. Neste senso, os diferentes criterios de defensa do patrimonio cultural, nomeadamente os propostos pola Resolución do día 12.04.2013 da Consellería de Cultura sobre matizacións e cautelas necesarias para adaptar a intervención aos aspectos que se consideran máis acordes cos valores culturais da traza do Camiño de Santiago e do territorio histórico e a súa área de amortecemento, deberían interpretarse sempre como un encontro entre a fidelización patrimonial-cultural da poboación que queira exercer o seu dereito de acceso físico e cultural ao Ben e a das administracións intervenientes, que teñen a obriga de conservar e/ou rehabilitar o tramo do Ben de Interese Cultural.

5. Así mesmo, os diferentes criterios deste informe, que a continuación van ser expostos, están redactados con este mesmo senso de encontro e/ou converxencia patrimonial, natural e cultural.

6. As diferentes cualificacións e afeccións do patrimonio percibidas pola poboación e/ou recoñecidas polos diferentes informes técnicos realizados (Avaliación de Impacto Ambiental, Escola Politécnica, Escola da Paisaxe, maiormente) deben presentarse dun xeito xerarquizado para poder establecer, coas das administracións intervenientes, referencias novas que poidan derivar nun horizonte de converxencia e/ou encontro. Deben definirse, fundamentalmente, aqueles elementos de conservación imprescindibles daqueles outros que poden ser obxecto de síntese. Dificilmente unha formulación centrada no todo ou nada pode dar lugar a unha solución de síntese.

7. Como un adianto do que podería ser esta formulación xerarquizada, suxerimos, dun xeito provisorio, a orde de importancia na que deberían ser preservados os elementos afectados:

- a) En primeiro lugar, considéranse como elementos para preservar dun xeito prioritario os que definen o patrimonio natural do contorno fluvial limitado

polas pontes da rúa Castelao e de Ferro. É dicir, o bosque de ribeira de olmos e ameneiros, así como as dúas pequenas illas situadas no leito. Estes elementos naturais como definidores da paisaxe fluvial urbana de Sarria son indiscutibles, así como insubstituíbles. Débense salientar, como dato para ter moi en conta pola súa singularidade, as características vencelladas á conformación da Traza e do Territorio histórico do Camiño Francés ao seu paso pola vila de Sarria así como a escaseza de zonas verdes na armazón urbana da vila.

b) En segundo lugar, os restos antigos que aínda se conservan da Ponte da Ribeira, elemento catalogado e, polo tanto, estruturante do territorio e da paisaxe urbana, por onde transcorre a rúa dos Peregrinos, deben ser obxecto tamén dunha protección especial. Aínda que as sucesivas reformas a que foron sometidos desvirtúan dun xeito importante o seu valor cultural e patrimonial, o valor afectivo que mantén tanto co Camiño de Santiago como coa poboación da vila en xeral xustifica a súa conservación e, na medida que vaia sendo posible, a súa paulatina restauración. A intervención que afecta a parte máis moderna, que debería desmontarse (para investigala e propoñer a conseguinte restauración), hai que realizala coas correspondentes cautelas (p.e. as recollidas na Resolución 12.04.2013), ao considerarse a posibilidade de que nas partes ocultas puidesen existir restos relevantes de orixe medieval, polo que as intervencións deberían realizarse sempre cos pertinentes controis arqueolóxicos.

c) En terceiro lugar, debe considerarse a existencia doutra arquitectura, preindustrial, estruturas asociadas, moi interesantes desde o punto de vista etnográfico e patrimonial-industrial, que serán afectadas parcialmente polas obras previstas, nomeadamente coa demolición da antiga presa, que será substituída por unha de nova factura.

d) Finalmente, as pontes de Ferro e do Toleiro teñen unha menor relevancia patrimonial, polo que a súa substitución por estruturas de nova factura debería xerar, se as condicións estéticas fosen axeitadas, un impacto de baixa intensidade ou, mesmo, inexistente. Non se ignora, de todas as maneiras, a existencia dunha relación afectiva con estes elementos por parte da poboación.

8. Así mesmo, hai actuacións que non teñen ningunha relación coa prevención de enchentes, como pode ser a substitución da actual varanda do malecón por outra

de vidro transparente, descontextualizante, que deberían ser reconsideradas só desde o punto de vista funcional, estético e, se acaso, histórico.

Como norma xeral, e de acordo cos criterios propios do CCG postos de manifesto nas diferentes xornadas técnicas realizadas (maiormente Olladas Críticas sobre a Paisaxe, 2009, e Obras Públicas e Patrimonio Cultural, 2014), as intervencións de estética contemporánea poden ser perfectamente compatibles cos espazos tradicionais se se realizan coa debida calidade así como cun especial respecto a todos os valores presentes no tramo da actuación. Neste senso, existen valores intanxibles consubstanciais coa propia idea da paisaxe e relacionados coa percepción subxectiva da poboación que son de moi difícil e complexa definición pero que non se poden deixar de considerar.

Polo que entendemos que, como criterio xeral, o CCG é favorable a este tipo de intervencións sempre que se preserve o necesario encontro estético e cultural cos valores patrimoniais. Despois de todo, a paisaxe máis xenuína de Galicia non é mais ca o resultado da integración, nunha unidade cultural, de intervencións efectuadas nas diferentes épocas da súa historia estética e económica.

9. En calquera caso, de acordo cun criterio xeral do CCG, consideramos que situacións de conflito como as que motivan este escrito, nas que están implicadas consideracións técnicas e patrimoniais, cun grao elevado de obxectividade, con outras de carácter máis afectivo só poden resolverse a partir dun proceso de síntese no que se tente achegar as diferentes posturas. Neste caso, procuraríase avaliar as diferentes solucións técnicas necesarias para a prevención de enchentes do río Sarria coas demandas de respecto ao patrimonio-cultural e afectivo de toda ou parte da poboación. Probablemente, tería sido máis oportuno un diálogo previo entre partes para chegar a un principio de acordo. Nel, a xerarquización dos criterios encontrados sería un paso previo necesario. E, así mesmo, tendo en conta que neste proceso de síntese deben intervir consideracións conceptuais e metodolóxicas de moi diferentes disciplinas (hidráulica, arqueoloxía, socioloxía, arquitectura, estética, etc.), hai que priorizar nela a interdisciplinariedade como contexto cultural imprescindible. E, finalmente, ao ser os interlocutores de características moi diferenciadas (técnicos, políticos, activistas, persoas do común, etc.), debe coidarse ao máximo que todas estes criterios poidan ser sintetizados e tidos en conta.

10. Consideramos, finalmente, que as “Conferencias de consenso”, postas en práctica con éxito en diferentes países na procura de solucións a conflitos complexos entre poboación e Administración, que esta institución considerou xa na xornada que dedicou ao estudo da crise da encefalopatía esponxiforme bovina no ano 2001, así como en experiencias como a que aplicou ao informe sobre os impactos no xacemento arqueolóxico de Coeses (Lugo), poderían ser unha boa alternativa para dirimir este xeito de desacordos. Por estas razóns, os autores deste informe entendemos que o CCG, se as partes implicadas así o estimasen, está disposto a facer de mediador para que esta Conferencia poida levarse a cabo.

Francisco Díaz-Fierros Viqueira
Coordinador da Sección de Ciencia,
Natureza e Sociedade

Iago Seara Morales
Coordinador da Sección de Patrimonio
e Bens Culturais